



# O Pico Sacro avanza na súa declaración como Ben de Interese Cultural

O conselleiro de Cultura amosa o compromiso da Xunta coas infraestruturas culturais e o patrimonio de Boqueixón, facendo fincapé na posta en valor da ponte de Ledesma

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, amosou o “total compromiso” da Xunta de Galicia co patrimonio cultural de Boqueixón e tamén coa mellora das súas infraestruturas culturais. Fíxoo durante a visita que realizou ao Pico Sacro, “un referente cultural e natural”, salientou con respecto a esta paraxe para a que se ten solicitada a declaración de Ben de Interese Cultural.

Unha visita na que estivo acompañado polo alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e os concelleiros de Facenda, José Manuel Iglesias; Servizos Sociais, Ángela Conde; Cultura, Gonzalo Redondo; e Industria, José Luís Mareque. O alcalde aproveitou para poñer de manifesto os valores que fan ao Pico Sacro merecedor de ser BIC: a súa relación coa cultura Xacobeá, a súa pegada na literatura, a súa singularidade xeolóxica, os seus atractivos para a espeleoloxía...



O conselleiro de Cultura percorreu toda a contorna do Pico Sacro

Así mesmo, o conselleiro aproveitou para desprazarse a varios centros socioculturais do municipio, sobre os que puxo en valor o “importante papel que desenvolven para dinamizar non só a vida cultural, senón tamén social das zonas rurais”. Así, incidiu no compromiso da Xunta “de facilitar que a actividade cultural estea ao alcance de todos os galegos e galegas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia”, en liña cos obxectivos da recente Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

## Ponte Ledesma

Por outra banda, o alcalde de Boqueixón aproveitou para amosarlle ao conselleiro sobre o terreo os proxectos do Concello para conservar e poñer en valor a ponte de Ledesma, un enclave de gran interese turístico e cunha importante historia ás súas costas, especialmente como escenario da histórica derrota das tropas napoleónicas no 1809.

## CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

03 feb / 09 feb

LAMAS

Campo da festa

10 feb / 16 feb

SERGUDE

Campo de festa de San Bieito

17 feb / 23 feb

LOUREDA

Campo da festa

24 feb / 02 mar

GASTRAR

Campo da festa



**Edita:** Concello de Boqueixón. Forte, s/n.  
15881 Boqueixón.  
**Web:** [www.boqueixon.es/com](http://www.boqueixon.es/com)

**Correo electrónico:** [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)  
**Redacción e maquetación:** Nós Comunicación  
**Distribución gratuíta**

**Oficinas xerais:** 981 51 30 61  
**Educación e Cultura:** 981 51 31 15  
**Servicios Sociais / CIM:** 981 51 30 06

## A web municipal informa sobre axudas á compra e mellora de vivenda en Boqueixón

A páxina web do Concello ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)) recolle estes días unha serie de axudas promovidas pola Xunta e de interese para os veciños e veciñas de Boqueixón, especialmente para os que estean interesados na compra ou na mellora da vivenda.

Se tes menos de 36 anos e estás pensando en **mercar vivenda en Boqueixón**, podes conseguir unha axuda de ata 10.800 €. O prazo de solicitude estará aberto do 27 de xaneiro ao 15 de outubro. Esta liña de axudas tamén inclúe achegas para a compra de vivenda en cascos históricos e de vivenda protexida en calquera municipio de Galicia.

A maiores, a Xunta convoca tamén axudas para



As axudas poden destinarse á mellora dos muros de peche das vivendas

a **corrección de impactos urbanísticos**, dirixidas a cidadáns particulares. Unhas axudas que permitirán cubrir ata o 70% do investimento total (ata un máximo de 3.000€) para proxectos de mellora da imaxe exterior das vivendas e doutras construcións adxacentes, como muros de peche.

Así, poderase conseguir axudas para actuacións de restauración e/ou revestimento de elementos da fachada da vivenda; para rematar, renovar ou substituír o acabado exterior das cubertas; ou para recuperar, restaurar ou revestir muros de peche de terreos. O prazo de presentación

das solicitudes é dun mes, a contar dende o 20 de xaneiro.

No caso das empresas, ata o 15 de setembro pódense solicitar as subvencións a proxectos de **ahorro e eficiencia enerxética**. Unhas axudas que oscilan entre os 300.000 euros e un millón. Finalmente, as **persoas autónomas e empresas non agrarias** de Boqueixón tamén poderán solicitar axudas do AGADER para ampliarse e modernizarse, publicadas no DOG do 29 de xaneiro. Durante un mes poderanse solicitar as axudas, que cobren ata o 45% do gasto, que debe oscilar entre os 20.000 e os 25.000 € (salvo no sector artesán, onde os límites son de 5.000 e 100.00 euros).



### Actuación do Club de Miores na Residencia de Codeso

O Club de Miores de Boqueixón realizou unha actuación exclusiva para os usuarios da Residencia de Santa Olaia de Codeso, representando a súa obra "Asuntos Escuros". En breve haberá novas datas de actuacións para estes grandes actores e actrices.



### A xornada sobre coidado de mascotas reúne 116 nenos e nenas

O Concello repartiu entre o alumnado do colexio uns libros de Os Bolechas sobre como coidar das mascotas. Trátase dunha acción dentro dunha campaña de sensibilización sobre o coidado dos animais domésticos en colaboración coa protectora Gatocán Oroso.

# O Concello traballa nun proxecto para dixitalizar o abastecemento de auga

Esta actuación permitirá garantir a prestación dun servizo máis eficaz e eficiente aos veciños e veciñas, optimizando o uso da auga e preservando a súa calidade en tempo real

O Concello de Boqueixón vén de realizar a primeira reunión de traballo para a posta en marcha do proxecto de dixitalización do abastecemento de auga potable no municipio. Unha reunión na que participaron o alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, e o concelleiro de Obras Públicas, Manuel Fernández Munín.

Ovidio Rodeiro explica que “esta actuación permitirá garantir a prestación dun servizo máis eficaz e eficiente aos veciños e veciñas de Boqueixón, ademais de facilitar a optimización e a preservación da calidade dun ben escaso como é a auga”. Esta iniciativa está promovida pola Xunta, a través de Augas de Galicia, e permitirá ao Concello dispoñer das ferramentas necesarias para xestionar



O sistema permitirá detectar a turbidez ou o caudal dispoñible en tempo real

en tempo real e en remoto os sistemas municipais de abastecemento de auga a través da implantación e posta en marcha dunha serie de estacións dixitais de monitorización.

Así mesmo, a través do servizo proporcionarase a Augas de Galicia un sistema de información que lle permitirá recompilar, visualizar, supervisar e compar-

tir información relativa ao funcionamento dos sistemas de abastecemento monitorizados. Pola súa banda, a Xunta fará un diagnóstico do sistema de abastecemento de Boqueixón, ademais de instalar os equipos dixitais e conectalos a unha aplicación informática que facilite a xestión municipal destas infraestruturas, tal e como se fixo nas depurado-

ras xestionadas por Augas de Galicia.

“Deste xeito poderemos coñecer en tempo real aspectos importantes como a turbidez da auga de saída ou o caudal de auga dispoñible para poder actuar o antes posible e garantir que a calidade da auga depurada que chega ás casas de Boqueixón. Así conseguiremos avanzar cara unha xestión do ciclo integral da auga mellor e máis eficiente”, apunta Rodeiro Tato.

Boqueixón é un dos vinte municipios de menos de 20.000 habitantes que participan neste proxecto promovido pola Xunta e dotado cun orzamento de 5,8 millóns de euros, cofinanciados pola UE a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next Generation EU.



## Música, procesión, churrasco e polbo no Pico de Xaneiro

Gran afluencia á Romaría do Pico de Xaneiro, con misas, procesión e moita diversión con polbo, churrasco e doces para a confraternización dos veciños. O grupo No Deloiro puxo a nota musical. Parabéns á Comisión de Festas da Granxa polo seu traballo.



## Oural celebra o San Mauro por partida dobre: misa e xantar

A parroquia de Oural celebrou a primeira festividade do ano en Boqueixón: o San Mauro. E fíxoo como é tradicional por partida dobre: cunha misa na capela de San Mauro (Castro) o 15 de xaneiro e cun xantar popular o domingo 19.



## Formación en emocións, habilidades sociais e novas tecnoloxías para a mocidade de Boqueixón

A finais deste mes de xaneiro deron comezo no CPI Antonio Orza Couto os obradoiros organizados polo Servizo de Prevención de Conductas Aditivas de Boqueixón, Teo e Touro, en colaboración coa Consellería de Sanidade. Trátase de tres obradoiros en habilidades sociais, benestar emocional e uso de pantallas, dirixidas ao alumnado de 6º

de Primaria, 1º da ESO e 2º da ESO, respectivamente.

O curso de habilidades sociais busca axudar á rapazada a crear un bo clima dentro da aula, proporcionándolles as ferramentas para xestionar conflitos e traballar aspectos como a empatía ou a intelixencia emocional. No caso do taller de benestar emocional, búscase potenciar o ren-



demento do alumnado a través da aprendizaxe de ferramentas psicolóxicas que lles permitan afrontar o estrés e a ansiedade.

Finalmente, os rapaces e rapazas de 2º da ESO están a realizar un obradoiro de

prevención do uso abusivo das tecnoloxías da información e da comunicación, onde o mal uso das mesmas poden levar a condutas aditivas e de xogo online. As sesións estenderanse ata o mes de febreiro.



### Sons de Alborexar enche de música tradicional a Casa da Cultura

A Casa da Cultura de Camporrapado acolleu unha magnífica xornada de música tradicional no "Sons de Alborexar", un festival infantil organizado pola Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio. Unha xornada na que se entregaron os premios do certame literario.



### A rapazada do Nadal Activo visita a biblioteca municipal

Os nenos e nenas que asistiron ao Nadal Activo visitaron a biblioteca, onde foron recibidos polo alcalde Ovidio Rodeiro e a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde. Un programa de conciliación no que fixeron moitas manualidades e celebraron o Fin de Ano.

# Pousada, Codeso, Donas e Sucira pechan o ciclo de reunións informativas

Durante este mes de xaneiro celebráronse sesións nas parroquias de Ledesma, Boqueixón e Lestedo xunto a charlas informativas sobre a Campaña de Compostaxe Doméstica

Os locais sociais de Lestedo e de Ledesma, así como o salón de plenos municipal, acolleron durante este mes de xaneiro tres novas edicións das charlas informativas por parroquias organizadas polo Concello de Boqueixón. Unhas reunións que inclúen dúas partes. Na primeira delas o alcalde Ovidio Rodeiro, acompañado por concelleiros e concelleiras do grupo de Goberno, fixo unha exposición da actualidade municipal, centrada nos temas de interese para cada parroquia. Despois abriuse unha conversa aberta cos veciños e veciñas, na que puideron presentar as súas peticións e resolver as súas dúbidas.

Ademais, tivo lugar unha nova sesión informativa da Campaña de Compostaxe doméstica posta en marcha



Presentación da campaña de compostaxe municipal no local social de Lestedo



Concorrida reunión informativa celebrada no local social de Ledesma

polo Concello para reducir a pegada ecolóxica da veciñanza mediante a valorización dos residuos orgánicos que se xeran no fogar. Unha campaña á que calquera veciño pode sumarse en [bioresiduos@concellosostible.gal](mailto:bioresiduos@concellosostible.gal) ou no 699 526 341.

## Próximas sesións

Para o vindeiro mes de febreiro están programadas as catro derradeiras sesións, todas elas ás 20:00 horas e de entrada libre e sen inscrición previa. Tres delas terán lugar na Casa da Cultura de Camporrapado e dirixidas á veciñanza de Oural (xoves 6 de febreiro), Pousada (luns 17 de febreiro) e Sucira (luns 24 de febreiro). A cuarta sesión terá lugar o 20 de febreiro no local social de Codeso, dirixida a veciños e veciñas de Codeso e Donas.



## A Casa do Concello volveu acoller a celebración do San Vicente

Boqueixón celebrou un ano máis a festa do San Vicente, patrón municipal, coa tradicional recepción á veciñanza no salón de plenos, presidida polo alcalde Ovidio Rodeiro, acompañada dos actos festivos e relixiosos celebrados na honra a San Vicente.



## Festa dos maiores do Programa de Prevención da Dependencia

Os maiores do Programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón celebraron no local social de Vigo unha gran Festa de Fin de Ano, amenizada por un grupo de música tradicional. Un programa no que participan 14 persoas de entre 70 e 90 anos.



## Gran participación na Tarde de Reis e no Boqueixogo 2025

Cheo total na Tarde de Reis no polideportivo do Forte. Unha gran festa na que os nenos e nenas tiveron a ocasión de achegarse a Melchor, Gaspar e Baltasar para lembrarlles as súas peticións e levar unhas lambonadas. A festividade incluíu unha nova edición do Boqueixogo, onde catro grandes inchables fixeron

as delicias dos pequenos. Despois fixeron a súa aparición os Reis Magos, que foron recibidos polo alcalde, Ovidio Rodeiro, á fronte de integrantes da corporación.

O alcalde aproveitou para felicitar as festas a toda a veciñanza e pedirllas ás Súas Maxestades que lles trouxeran moitos agasallos aos nenos e nenas de Bo-



queixón porque "foron os que mellor se portaron do mundo". Tras a recepción, a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde, sorteou agasallos en colabora-

ción con SBC Gasolinas. A Tarde de Reis rematou cunha degustación de ros-cón de reis con chocolate quente para todas as persoas asistentes.

# A Festa da Filloa de Lestedo irmándase coa Feira do Cocido de Lalín

O acto oficial terá lugar o sábado 1 de febreiro no marco da Feira Alvariza (Lalín) e o domingo 9 de marzo organizarase en Lestedo un Cocido de Lalín no xantar da Festa da Filloa

A Festa da Filloa de Lestedo, de Interese Turístico Nacional dende o pasado mes de abril, irmándase coa Feira do Cocido de Lalín, con distintivo Internacional. Un irmandamento que xurde tras diferentes conversas e reunións nos últimos meses entre os alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e de Lalín, Xosé Crespo, e representantes da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, encabezados polo seu presidente, Xosé Manuel Canabal, canda Juan Manuel Corral e Pascual Villaverde, membros da entidade.

Un acordo do que xurden varios actos conxuntos para potenciar e difundir estas dúas festas, ademais de oficializar as sinerxias que se dan entre ambas celebracións. Uns lazos de



Alcaldes de Lalín e Boqueixón, co irmandamento dos municipios e das festas

unión que redundarán en beneficio das dúas festas. Para darlle forma a estas intencións, os dous Concellos levarán a Pleno a aprobación dun protocolo de irmandamento entre ambos festexos e municipios.

Despois farase un primeiro acto de visibilización deste irmandamento na Feira Internacional de Apicultura

de Lalín, Alvariza, o sábado 1 de febreiro, ás 13:00 horas. Neste acto, desenvolverase un showcooking a cargo do chef José Manuel Mallón, que preparará diferentes elaboracións nas que a filloa será o produto principal.

Con posterioridade, e coincidindo co día grande da Festa da Filloa, o domin-

go 9 de marzo, terá lugar en Lestedo un acto propio para difundir e poñer o irmandamento entre ambas festas. Neste caso, durante o tradicional Xantar da Filloa degustarase un Cocido de Lalín, elaborado por un cocíñeiro lalinense. Ademais, e a partir de agora, en Lestedo celebrarase todos os anos un Cocido de Lalín coincidindo coa Festa da Filloa.

Trátase así de crear unha simbiose entre a Filloa e o Cocido, toda vez que o noso doce é tamén unha das sobremesas típicas da Feira do Cocido de Lalín, que aproveitará para ofrecer os doces das nosas mestras filloeiras mentres que a Festa da Filloa continúa avanzando na súa maridaxe con platos típicos de Galicia e do Entroido.

## A gran solidariedade veciñal permitiu recoller moitos alimentos no II Torneo Carrozas do San Cidre

Gran éxito do II Torneo Solidario Carrozas do San Cidre, que permitiu recoller gran número de alimentos non perecedoiros para os Servizos Sociais municipais. Grazas a todas as persoas participantes e mención especial para os tres equipos do triangular: Bo Dulce de Camporrapado, os Veteranos de Camporrapado e a Unión Deportiva Camporrapado, que protagonizaron unha tarde de fútbol e solidariedade.



Os tres equipos de Camporrapado ofreceron unha tarde de solidariedade e fútbol no campo da Silveira



# Unha ducia de equipos no Torneo de Nadal

O pavillón do Forte acolleu unha nova edición do Torneo de Nadal de Fútbol Sala, no que participaron un

total de doce equipos repartidos en tres categorías. O equipo de Os Mosqueteros gañou a categoría Junior

Sub12, quedando Os Rusos como subcampións. No torneo Júnior a vitoria foi para Champagne, seguido

de Maderas Peón. E o Reale Lestedo Lalín gañou a categoría sénior, seguido do Balonmano.

## AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Xoves  
6

**Reunión en Oural**  
Casa da Cultura, 20:00h.  
Reunión informativa municipal.

Mércores  
12

**Viaxe a Cuenca e á Cidade Encantada**  
Apertura do prazo de inscrición

Luns  
17

**Reunión en Pousada**  
Casa da Cultura, 20:00h.  
Reunión informativa municipal.

Xoves  
20

**Reunión en Codeso Donas**  
Local Social, 20:00h.  
Reunión informativa municipal.

Venres  
21

**Educación en Familia**  
CPI Antonio Orza, 19:00h.  
Xornada de benestar emocional.

Luns  
24

**Reunión en Sucira**  
Casa da Cultura, 20:00h.  
Reunión informativa municipal.

Febreiro  
28

**Degustación da filloa de Lestedo no Corte Inglés**  
El Corte Inglés. 28 de febreiro, 1, 3 e 4 de marzo, de 13:00 a 15:30 h.

**... e en marzo**

Sábado  
1

**Filloíña**  
Lestedo. A partir das 16:30h.  
Actuación de grupos musicais. Pregón do alumnado do CPI de Vedra (18:00), Atrances dos Xenerais da Ulla (18:15), Concurso de Disfraces (19:00) e Uxía Lambona e a Banda Molona (20:30).

Domingo  
2

**Showcookings**  
Local social de Lestedo.  
Porco Celta (2 de marzo, 12:00)  
Cocido Lalín (3 de marzo, 19:00)  
Escola Filloeira (5 de marzo, 17:00)  
Filloa Accesible (6 marzo, 11 e 19:00)

Domingo  
2

**Entroido de Sergude**  
Campo da festa de Sergude.  
Pola mañá: Xenerais, Correos e Coros co grupo Son de Gaita. Ás 18:00 horas, actuacións dos Coros do Entroido xunto ao grupo Son de Gaita. Ás 20:00 horas, Atrances dos Xenerais e Verbena.

Sábado  
8

**Filloa Folk**  
Campo da festa de Lestedo.  
Actuacións de Parranda (18:00), Luz de Ilcinio (19:30), Os Melidaos (20:30) e Ailá (22:00).

Domingo  
9

**XLII Festa da Filloa**  
Campo da festa de Lestedo.  
Degustación de filloas durante todo o día. Desfile e Atrance dos Xenerais. Pregón. Xantar da Filloa. Verbena.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com